



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 31/01/2020 13:46:58

SAIDA

1457/20



Reclamante [REDACTED], en representación do Real Club Celta de Vigo,
SAD
Expediente. Nº RSCTG 181/2019

Correo electrónico [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], presentada no nome e representación do [REDACTED], mediante escrito do 13 de decembro de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de xaneiro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación do [REDACTED] [REDACTED], presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 13 de decembro de 2019 , unha reclamación ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante o Concello de Vigo, de acceso ao Plan director de remodelación e modernización do estadio municipal de Balaídos, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urgente do 15 de decembro de 2014 e as posibles variacións do mesmo se as houbera.

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude. [REDACTED] é usuario praticamente en exclusiva do estadio municipal de Balaídos, o que xustifica o seu interese por coñecer o contido do Plan Director de remodelación e modernización deste

aprobado pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo, así como calquera outra modificación ou variación que devandito documento puidese sufrir con posterioridade.

Así mesmo, fai constar que non concorre ningunha das causas para limitar o dereito á información que lle asiste que se prevén no artigo 14.1 da Lei 19/2013 e non existen terceiros afectados, polo que entende que non existe razón algúns para non facilitar a información solicitada.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e de copia do DNI do representante.

Pola Secretaría da Comisión da Transparencia de Galicia requiriúuselle para que acreditara, por calquera medio válido en dereito a representación que ostenta o [REDACTED] para presentar reclamación en nome da sociedade anónima deportiva, representación que acreditou con data do 20 de xaneiro de 2020.

Segundo. Con data 18 de decembro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Vigo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 19 de decembro de 2019.

Terceiro. Con data 15 de xaneiro de 2020 o Concello de Vigo contesta a petición remitindo copia da acta do 9 de agosto de 2016, da comisión de seguimento do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e [REDACTED] para a execución de actuacións incluídas no Plan Director de remodelación e modernización do Estadio Municipal de Balaídos, convocatoria da comisión de seguimento do referido convenio para o 15.01.2019 e resolución de desestimación solicitude acceso á información pública do [REDACTED].

No informe, en resumo, indícase que o [REDACTED] ten subscritos co Concello de Vigo, dous convenios referentes ao Estadio Municipal de Balaídos, un de data do 17 de maio de 1989, que ten por obxecto regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa, convenio que foi modificado con datas do 28 de maio de 1992, e 20 de febreiro de 2009, e outro convenio de data 28 de xaneiro de 2015, para a execución das actuacións incluídas no Plan Director de remodelación e modernización do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos.

Por tanto o Real Club Celta de Vigo é interesado no procedemento de execución das obras derivadas do Plan Director de remodelación e modernización do Estadio actualmente en execución, sendo a normativa reguladora do procedemento a que debe aplicarse de acordo coa disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

O convenio contempla a constitución dunha comisión de seguimento que ten entre os seus cometidos, coñecer e resolver incidencias que se produzan no desenvolvemento do mesmo, polo que parece absurdo pretender o descoñecemento do plan director, cando se ten asinado polo club un convenio para a execución das actuacións incluídas no mesmo, e que contempla un canal específico para o tratamiento das cuestións formuladas. Na sesión do 9 de agosto de 2016 da dita comisión, informouse e deuse traslado da aprobación pola Xunta de Goberno da única modificación existente do Anteproxecto/Plan Director realizada en Xunta de Goberno de 20 de maio de 2016.

Con todo e á vista do escrito presentado e no marco da colaboración convencional acordado por ambas as dúas partes por parte do Concello procedeuse a convocar a comisión de seguimento para o día 15.01.2019 incluíndo no punto do orde do día novamente o citado plan director/anteproxecto.

O Concello con data do 9 de xaneiro de 2020, resolveu desestimar a solicitude de acceso á información solicitada de conformidade co disposto na disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, ao ser solicitada a información por interesado nun procedemento administrativo en curso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello de Vigo non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.4 da Lei 1/2016, senón que resolveu unha vez que o solicitante tiña presentada a súa reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia, polo que procede admitir a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra, é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

Con todo, é necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de

contas dos responsables públicos. Por tanto, dende esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

A entidade reclamante solicitou do Concello de Vigo o acceso ao Plan director de remodelación e modernización do estadio Municipal de Balaídos, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data do 15 de decembro de 2014, e as posibles variacións do mesmo se as houbera, sen obter resposta. Fai constar expresamente que o dito documento non foi entregado ao Club,

No informe que remite o Concello de Vigo, faise constar que o dito Club, ten subscritos co Concello de Vigo dous convenios referentes ao Estadio Municipal de Balaídos, un dos cales ten por finalidade a execución das actuacións incluídas no Plan Director de remodelación e modernización do dito estadio, e portanto o club é interesado no procedemento de execución das obras derivadas do Plan Director actualmente en execución. O Concello remite copia dunha acta da comision de seguimento do dito convenio, na que se da conta dun anteproxecto /Plan Director aprobado o 20 de maio de 2016, e se da traslado do mesmo aos membros da comisión, entre os que se atopa un representante do [REDACTED]

O Concello resolveu, fora do prazo dun mes que o artigo 27.4 da Lei 1/2016 establece, desestimar a solicitude de acceso á información en aplicación da disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, por canto considera á entidade solicitante interesada nun procedemento administrativo en curso, non sendo de aplicación en consecuencia, a normativa vixente en materia de Transparencia.

No presente caso, debemos diferenciar entre os documentos solicitados pola entidade deportiva, isto é o Plan Director de remodelación e modernización do estadio e as súas modificacións, que son documentos administrativos de carácter municipal, e por tanto aprobados polo Concello, e o expediente administrativo de execución das actuacións comprendidas no Plan Director, que de acordo co informe do Concello, é un expediente en curso, tramitado mediante un convenio de colaboración, e no que o é no que o [REDACTED] é parte interesada.

Á solicitude de acceso á información por parte interesada nun expediente administrativo en curso, no presente caso o expediente de execución do Plan Director, lle é de aplicación a disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, polo que a normativa aplicable ao acceso á información referida ao mesmo, sería o propio convenio de colaboración e a normativa vixente en materia de convenios administrativos. Pero non é este o caso, xa que os documentos que constitúen o Plan Director de remodelación e modernización do estadio e as súas posibles modificacións, entran claramente dentro do concepto de información pública establecido no artigo 24 da Lei 1/2016, por canto se trata de documentos finalizados, dado que están aprobados, e en poder dunha Administración. De acordo co anterior, procede a

estimación da reclamación presentada pola entidade solicitante, ao non constar no expediente remitido a entrega do Plan Director de remodelación e modernización do estadio e as súas modificacións á entidade solicitante.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED], no nome e representación do [REDACTED] con data 13 de decembro de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude ante o Concello de Vigo, de acceso ao Plan director de remodelación e modernización do estadio Municipal de Balaídos, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urgente do 15 de decembro de 2014 e as posibles variacións do mesmo se as houbera.

Segundo: Instar ao Concello de Vigo, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai referencia á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Vigo , a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío e da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2020

76706870F Firmado digitalmente
por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: (R: S6500009C)
S6500009C Fecha: 2020.01.31
13:41:35 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia